

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AER SOBRE INFORMACIÓN VECIÑAL

PLENO 31 XANEIRO 2013. ACTA 2/2013

ANTECEDENTES

“Nestes últimos tempos estamos vendo como o Concello, a pesares de cumprir coa legalidade vixente, á hora de poñer en exposición pública as obras, modificacións urbanísticas, etc. que se van facer no concello, non logra cumprir un dos seus labores: informar axeitadamente aos veciños.

Temos dous casos recentes nos que a información non chegou aos veciños de xeito eficaz: a modificación urbanística na zona de Petán e a colocación do transformador da Portela. Este último creou unha importante alarma social entre os veciños da zona, que se enteraron das obras ao comezo destas, non podendo facer así as alegacións oportunas no prazo legal.

Para mellorar estas eivas na comunicación administración-veciños, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

- 1) Crear un taboleiro de anuncios virtual na páxina web do Concello onde se publique o mesmo que no taboleiro do Concello.**
- 2) Enviar aos grupos políticos e aos membros do consello parroquial correspondente todo aquilo que teña que ser sometido a exposición pública.**
- 3) Publicar bandos informativos no entorno da zona afectada.”**

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria rexeita a moción sendo un voto a favor (1 de A.E.R.), dezoito votos en contra (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE) e dúas abstencións (2 do B.N.G.) .